



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Modelos de provisión do benestar		Código	615525003d	
Titulación	Máster Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria (a distancia)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Non presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Moré Corral, María Paloma	Correo electrónico	paloma.more@udc.es		
Profesorado	Moré Corral, María Paloma	Correo electrónico	paloma.more@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>A materia ?Modelos de provisión do benestar? identifica como entidades de provisión de benestar a familia, o mercado, o Estado e a comunidade. Ao longo do temario explórase a participación histórica de cada unha destas axencias na prestación de cuidados e de apoio persoal, facendo especial fincapé nos cambios que a súa distribución ten experimentado desde a aprobación das políticas de austeridade. Asemade, o programa céntrase no caso español, examinando as características propias do noso modelo de benestar. Nas clases sostérase o principio de debate democrático, escoitando e respetando todas as opinións diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Determinar as dimensións e categorías axeitadas para o diagnóstico e a análise científica das situacións de exclusión social.
A2	CE2 - Interpretar os feitos e as políticas sociais desde os distintos paradigmas teóricos vixentes na análise da exclusión.
A3	CE3 - Diseñar e desenvolver procesos de observación e documentación para o estudo das políticas e os sistemas de benestar social.
A5	CE5 - Interpretar as situacións e os procesos de marxinação social e económica de colectivos desde unha perspectiva histórica e macroestrutural.
A8	CE8 - Identificar procesos e factores de cohesión social, e deseñar medidas para a súa potenciación.
B1	CB1 - Demostrar coñecementos avanzados, de carácter multidisciplinar, para a investigación e o exercicio profesional no ámbito da exclusión social.
B2	CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional.
B3	CB3 - Seleccionar o marco científico adecuado para avaliar as evidencias dispoñibles e postular hipóteses razoadas sobre a avaliación previsible dos feitos sociais estudados.
B7	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B9	CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B12	CB12 - Manter responsabilidade e compromiso co desenvolvemento profesional continuo de forma autónoma.
B13	CX1 - Comprender e integrar coñecementos complexos para traducilos en propostas de investigación e programas de intervención en contextos sociais problemáticos.
B14	CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa.
B15	CX3 - Diseñar, aplicar e avaliar proxectos de investigación en ciencias sociais relacionados cos procesos e as situacións de exclusión social.
B18	CX6 - Valorar a adecuación das distintas ferramentas teóricas, metodolóxicas e técnicas ás preguntas e os obxectivos específicos formulados sobre a realidade social e as políticas sociais.
B20	CX8 - Aplicar a perspectiva comparada na comprensión das problemáticas sociais e das respostas e solucións políticas.



B21	CX9 - Aplicar unha perspectiva interdisciplinar na análise e a valoración de problemáticas de exclusión e políticas sociais de inclusión e cohesión.
B22	CX10 - Recoñecer e valorar os xuízos de valor e as evidencias nos argumentos que sosteñen as descrições e políticas sobre a realidade social.
C1	CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 -Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.
C7	CT7 - Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Interpretar as consecuencias da interrelación entre o estado, o mercado e a familia na provisión de benestar sobre a exclusión social.	AM1 AM2 AM5	BM1 BM3 BM20 BM21 BM22	CM5 CM6
Deseñar e avaliar políticas sociais destinadas á provisión de benestar.	AM3 AM8	BM2 BM3 BM7 BM9 BM12 BM13 BM14 BM15 BM18 BM20 BM21 BM22	CM1 CM5 CM6 CM7
Elaborar indicadores que midan as necesidades sociais da poboación e que señalen as fórmulas mercantiles, administrativas, familiares e comunitarias para afrontalas.	AM1 AM3 AM8	BM2 BM7 BM12 BM13 BM15 BM18 BM21	CM1 CM6 CM7
Analizar os antecedentes históricos das políticas sociais e do actual estado de benestar.	AM1 AM2 AM5	BM3 BM14 BM20 BM22	CM5 CM6

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1 - Desenvolvemento e evolución histórica dos diferentes modelos de prestación asistencial. Revisión dos modelos de benestar europeos e a súa clasificación.	
Tema 2 - Revisión feminista dos modelos de benestar. Retos, lagoas e contradicións contemporáneas.	
Tema 3 - Réximes de coidados en perspectiva comparativa.	



Tema 4 - División internacional e mercantilización do traballo reprodutivo. Cadeas asistenciais globais.	
Tema 5 - A contribución das mulleres e da familia ao benestar e á crise de coidados.	
Tema 6 - Políticas de austeridade e deconstrución dos Estados do benestar. O sistema de atención a longo prazo e as súas consecuencias sobre o familismo e a privatización	
Tema 7 - O papel das redes sociais comunitarias na prestación de benestar.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A5 B3 B12 B20 B21 B22 C5 C6	26	52	78
Estudo de casos	A3 A5 A8 B1 B2 B7 B12 B13 B14 B15 B18 B20 B21 B22 C1 C5 C6 C7	6	12	18
Lecturas	A1 A2 A3 A5 B1 B2 B3 B14 B15 B18 B20 B21 B22 C5	4	8	12
Obradoiro	B9 B21 B22 C1	16	24	40
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Consisten na explicación da parte teórica da asignatura. As clases gravaranse para facilitar a visualización do estudantado non presenciais.
Estudo de casos	Estudo de políticas sociais específicas e análise da súa implementación. Realizarase un traballo de investigación en grupo (3/4 estudantes) no que cada equipo analice o modelo de prestación asistencial dun país que elixiron anteriormente. Recoméndase que cada grupo de traballo faga unha titoría coa profesora ao comezo do curso para falar do traballo. Nas sesións de clase e as tutorías dedicarase un tempo a progresar nestas investigacións, que se enriquecerán coas discusións e actividades realizadas na aula. As directrices específicas daranse na aula e a través do Campus Virtual.
Lecturas	Lecturas académicas sobre os contidos da materia que serán comentadas polos estudantes nos foros do Campus Virtual. Realizarase un ensaio final analizando de xeito crítico e libre todas as lecturas do curso.
Obradoiro	Realizaranse actividades como debates, busca e análise de información, visualización e análise de documentais, entre outros. Para estudantes en modo NON PRESENCIAL, abriranse foros no Campus Virtual para que poidan comentar os documentais propostos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Obradoiro Estudo de casos Lecturas	<p>A atención personalizada en cada unha das metodoloxías previstas desenvolverase na aula e tamén nas tutorías individualizadas programadas coa profesora.</p> <p>Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia así como para o alumnado online, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	B9 B21 B22 C1	Participación a través do campus virtual (foros) en discusións sobre lecturas, documentais, etc.	10
Sesión maxistral	A1 A2 A5 B3 B12 B20 B21 B22 C5 C6	As clases estarán dispoñibles para os estudantes no campus virtual.	0
Estudo de casos	A3 A5 A8 B1 B2 B7 B12 B13 B14 B15 B18 B20 B21 B22 C1 C5 C6 C7	Realízase un traballo en grupo (3/4 estudantes*) no que cada equipo analiza o modelo de prestación asistencial dun país que elixiron anteriormente. As directrices específicas daranse na aula (gravaranse) e a través do Campus Virtual. *Pódese realizar individualmente se é necesario.	40
Lecturas	A1 A2 A3 A5 B1 B2 B3 B14 B15 B18 B20 B21 B22 C5	Cada alumno realizará un ensaio dun máximo de 2.000 palabras nas que relaciona os diferentes aspectos do programa do tema. As lecturas realizadas durante o curso, que estarán a disposición dos estudantes no Campus Virtual, serán as principais fontes bibliográficas.	50

Observacións avaliación
A segunda oportunidade en xullo a avaliación será: o Leituras: realización da proba individual. 50%o Estudo de caso: 50% (non será necesario presentalo na clase e pódese facer individualmente)

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías